

Descartes

Texto 1

Emporiso é ben mellor nin pensar en investigar a verdade sobre cousa ningunha que facelo sen **método**: pois é moi certo que os estudos desordenados e as meditacións **escuras** desta caste **confunden** a luz natural cegan os enxeños; e aqueles que así se afagan a camiñar nas tebras hasta tal punto enfeblecen a agudeza dos seus ollos que, ao pouco, non poden aturar a luz do día; o cal ademais é confirmado pola experiencia, pois moi frecuentemente [cantas veces] vemos que aqueles que nunca se dedicaron ás letras pronuncian xuízos sobra as cousas común e correntes con moita máis solidez e **claridade** que aqueles que botan a vida nas escolas. Por método entendo as **regras** certas e fáciles tales que, se alguén as observa rigorosamente, nunca tomará nada falso por verdadeiro e, sen gastar as forzas do seu espírito inutilmente, senón sempre **augmentando o seu saber progresivamente**, chegará ao verdadeiro coñecemento de todo aquilo que sexa capaz.

R. Descartes: Regras para a dirección do espírito.

Contexto

Modernidade:

- Paso do feudalismo ao capitalismo: comercio, burguesía...
- Separación razón-fe: Ciencia moderna físico-matemática....
- Reforma luterana: importancia do suxeito, autonomía...
- Epistemoloxía: racionalismo, empirismo...

Tema:

- Método intuitivo dedutivo (dedución).
- Regras e duda metódica.
- Cogito: contido e características.
- Pódese terminar facendo referencia a Deus e ás substancias.

Relacións:

- Agostiño.
- Platón (ideas).
- Empirismo (locke, Hume).
- Kant (síntese).